


CLAUDIO PATO



COMO ESTÁS?

estaleiroeditora

COMO ESTÁS?

CLAUDIO PATO

COMO ESTÁS?

estaleiroeditora.

Claudio Pato,
Estaleiro Editora, 2011

Asociación Cultural Estaleiro
estaleiroeditora@gmail.com
www.estaleiroeditora.org

Revisión e corrección:
Alba Viñas
Miguel Mosqueira

Deseño e paxinación:
X. Carlos Hidalgo

ISBN 978-84-615-1961-3
Depósito Legal: C-2011-xxxx
Impresión: Sacauntos



Esta licenza permite copiar, distribuír, exhibir os textos e imaxes deste libro sempre que se cumpran as seguintes condicións.



Autoría e atribución: Deberá respectarse a autoría indicando o nome do autor e da editora.



Compartir baixo a mesma licenza: Se altera ou transforma esta obra, ou xera unha obra derivada, só pode distribuír a obra xerada baixo unha licenza idéntica a esta.



Non comercial: Non pode empregarse este traballo con fins comerciais

ÍNDICE

1a*
2b*
3c*
4d*
escolios
5e*
6f*

Tranquila, esperando pola alba do día

ROSALÍA DE CASTRO

Articular historicamente o pasado non significa coñecelo tal e como verdadeiramente ten sido. Significa gañar un recordo tal e como aluma no instante dun perigo.

W. BENJAMIN

Cómpren unha aguda percepción, boa vista e bo ouvido, (...) un «percepto», é dicir, unha percepción mutante en lugar dun concepto.

GILLES DELEUZE

Espertei da enfermidade aos corenta e cinco anos, sereno, cordo e en bastante bo estado de saúde, a non ser por un fígado algo resentido e ese aspecto de levar a carne prestada que teñen os que sobre-viven á enfermidade.

WILLIAN BURROUGHS

(un día actívas as teclas do computador e varías o verso en que fala a deusa e sitúalo ao final do texto pasando de ser o segundo verso após o título do poema a ser o verso final despois escribes este apuntamento e colócalo entre parénteses tal e como o/a lector/a o ten ante os seus ollos)

(este mesmo día caes da moto e a-sentas a túa caída nunha perturbación dada pola influencia que o vehículo da NASA que camiña sobre a superficie de Marte ten na túa escrita no teu posto de traballo)

(non puntúas mais deixas espazos)

(corrixes e varías iris por ollos)

(máis tarde, case tres meses despois, o día 30-03-04, picas no reprodutor do teu computador persoal o CD de Patti Smith *trampin'* e escribes isto que ten que ver moito con todo o anterior. tamén coas últimas sesións con P. e coa razón sintagmática da des-trución de G.)

1a*

por vez primeira no xeito de se espir sentían a mecánica das ondas
[martenot
a acción dun pequeno artefacto que vivía ao ritmo das cacholas
[des-centradas.

*falou longo tempo das pegadas da dor que, como el dicía saber, atravesaban
a historia en liñas innumerábeis.*

—En efecto, en cortes innumerábeis.

as martenot danlle nome a unha das moitas construtoras de soños que
operan sobre as variacións do libro.

a esta altura da escrita
entre as letras e as cores dos lapiseiros
~~coas que marcas os restos de tinta~~ trata dunha **extensión**

*unha singular maneira de entendérmonos que agochaba as pregas dunha
dramaturxia hospedada nun sentido onde todos os corpos que alí caían
caían estranxeiros*

na mesma academia onde compartes clases de voz con Rosa.

mais, para o libro non será necesario un curso de alta coŝtura, nin
sequera unha revisión dalgún manual da época.

así na vida poŝterior de Alexandra foi meridiana a descuberta
da súa nudez
dos corpos que de seu agochaban as dobras do seu corazón.

unha colección de sentidos coa que podería regresar á vida de todas
as súas camaradas

tecía a retícula dunha promoción que polo oco dos elevadores
supoñemos morta polo abuso coas drogas.

meridianamente unha promoción transportada nos anos
de internamento cara a unha dor que a atravesaba agora
lixreira

e moi preto da superficie dos océanos en cada un dos alfinetes
por entre das sedas das súas mans.

*da incapacidade glótica do dicir salientamos o nailon da entreperna
e as gravuras dos corredores violentos*

a produción dunha lingua

as sucesivas fracturas nos seus relatos

non clausuran as tramas polas que camiñan as súas falas

non a produción dunha lingua dos afectos

non unha bio-cartografía que se percibe ao longo da lectura

[do libro III da Ética

tiña cabida nela
como algo vivo
a memoria coa que trataba a deconstrución do enterramento de Andreas

entendía
así a fermosura do corpo de Xacobe
os preparatorios
para a súa graduación...

desordes entre a potencia do pensamento e a actualización daquela
xa non había no transcurso da produción dos acontecementos

mais si
unha creba nos paradigmas que tiñan mecanizada a súa fala.

de aí a decisión que no percorrido que ía dende o enterramento de
Andreas até a deconstrución e a posterior vivencia deste levábaa
a só se transportar nos vehículos públicos.

sabemos que a dor foi parte nuclear da súa formación
da súa entrega contra as causas do horror

que no dentro da entrega a estas cabían todas as derivas do amor
ao tempo que toda a miseria do mundo.

*este proceder en termos de praxe até que límite(s) podemos dicir que produce
unha política?*

do diario de Alexandra:

a seguinte cita no seu diario entendémola como unha das moitas saídas abertas por Alexandra no transcurso de 2001

o acto de trasladar algunhas das ideas e dos pensamentos do protagonista da novela *Austerlitz* sobre as páxinas do seu diario falan dunha fusión co protagonista daquela.

total

.....

.....*En calquera dos casos, no meu descenso polo Rbin, xa non sabía en que época da miña vida estaba*.....

.....

en todo caso tres días despois do escrito por Alexandra nas paxinas do seu diario aclárasenos: que a protohistoria do íntimo procede tamén como unha historia onde os movementos das nosas caravanas viran cara ao líquido dos días e non só cara a unha historia psíquica das catástrofes.

preguntas:

sobre os arredores

sobre as colleitas

sobre o xardín

sobre os campos sementados de opio

logo así.

o corazón *ex nihilo* do cerebro-significante

cara a unha variación dos nutrientes

derramados

en dirección ao patio político estrañado da violencia

ao cabo sobre *ficcións* que non me correspondían

mais podían non me corresponder *ficcións*?

.....

entón pasaba horas e horas pegada aos **auriculares** da caverna

sobre todo polas imaxes-movemento

enténdeme polo que se nos vén á cabeza

das cadeas significativas da destrución.

.....

o seu corpo

as súas caricias

a súa carne

á morte de Antonio,

o seu amor por Ti,

o teu amor por El.

non unha verificación do terror senón o terror mesmo

de regreso en vacúolos de luz.

colmo de lentes.

mais Xacobe procuraba definir aquilo que el entendía por fortaleza aquilo que verificaría o mundo como unha circunstancia vacacional

unha multiplicidade de acontecementos que vivían dentro dunha ética do común autónomo.

do diario de Alexandra:

antes de chegar ao resultado debemos aínda saber conservar uns instantes a paciencia.

o frigorífico cheo de champaña dentro do contentor.

a sensación de realidade que o corpo de Alexandra preña
na percepción que Andreas vive o día do nacemento
de Alexandra no útero de Rosa subliña as liñas máis
territorializadas do seu corpo.

daquela os acontecementos dos que falamos acontecen tamén e
necesariamente na mesma cidade onde anos despois teñen cabida
as nosas vacacións.

.....

dicimos
que estas vidas clausuran toda ideoloxía sobre os corpos
toda representación.

Escolio

Morton Feldman - Triadic Memories - Marilyn Nonken (piano)

uns corpos exquisitamente reais
totalmente liberados de ideoloxía
de calquera tipo de plusvalor e totalmente dentro do amor.
alí caían as liñas traspasadas pola dor
ao tempo que liberadas por esta intensidade de relacións sen usura.

2b *

1.

...inserir o arquivo chamado *andreas* do ano 1997 en *Como estás?*

No ano 2004 o corazón de Alexandra (*Como estás?*), pensamos, produce un texto político onde o fio que conduce as palabras é a morte de *Andreas*.

Con posterioridade a esta morte, Alexandra vivira varias derivas que a levaran a iniciar múltiples saídas no dentro do ciber-sanatorio-óllame.

Durante moitísimo tempo cheguei a dudar do meu corpo, incluso cheguei a sentir vergoña por ter de vivir nun corpo.

O continuo mudar da materia que incidía na relación co seu corpo incidía tamén de forma notoria no seu estrañamento co mundo. Multiplicándose así as doenzas e a toma de todo tipo de calmantes para unha dor que no multiforme das súas sinerxías a deixaba sempre moída por dentro. Este remoer portaba de forma caudalosa as tempestades da vida. Mais así non había maneira de entender os accesos a accesibilidade da materia ás figuracións do amar.

O asinato de Ernesto Guevara.....mais.....até o de hoxe
nunca me falaches de TI.

Un corazón cativo, a historia deste cativerio, da prolongación de todos
os campos de traballo neste corazón.

Con isto non dicimos que *Como estás?* posúa ou ocupe parte
do seu tempo en tratar cun corazón exterminado.

No que pensamos cando meditamos sobre *Como estás?* é nun
corazón POLÍTICO.

Nunha internacional!

Por iso o nome de Ernesto e tamén o de Pier Paolo.

Inserir a canción de Paul.

Alexandra (*Como estás?*) tentaba falar sobre a posibilidade
de amosar os afectos, de transportarse un/unha na materia,
de ser na extensión do corpo, corpo nos corpos.

A dúbida hiperbólica sobre o comunismo vira aquí no libro que
comezamos para dubidar hiperbolicamente sobre o amor.

↔

Alexandra (*Como estás?*) tamén podería pensar o corpo dos asteroides
ou a floración das margaridas da África...

Ao tempo a linguaxe, a corporalidade dos desexos, a carne das
palabras, os idiomas, as agarradas que en Galicia falan da
construción dun outro que chega.

—“Pois... pois creo que neste momento non o sei, señora...
[Si sei quen era cando me erguín esta mañá; mais debín trocar varias veces
dende entón. (...) Temo que non me podo explicar, pois como ve, non son eu
mesma.”

CELAN.

2.

Entendemos a escrita cun rigor inaudito cando todas sabemos
que é unha maneira importante máis de falar.

En cada unha das súas partidas Alexandra traza un campo de fala
en todo caso múltiples explosións de sentido.

Mais Alexandra, que vivía eivada sobre os restos do asasinato
de Rosa, vivía estes como os índices dun acontecemento que
a propia morte de Rosa acendía.

En todo o transcurso de 2003 Alexandra
non é quen de escribir nin firmar unha soa páxina do seu diario,
tan sequera datar un día de Sol...

Nunca unha fuga do real,
o máis unha existencia adobiada de continxencias,
un desazo mundano e en todo caso *rizomático* sempre.

Única liña da aurícula que invertía todas as tiradas, todos os paseos?

Que pasou?

Lemos que tres son as liñas de vida que nos atravesan.

liña dura ou molar

liña flexíbel ou molecular

liña de fuga

Lucio:

— Claro que polo silencio de Alexandra sabemos da existencia do perigo de exasperar máis alá da nosa resistencia esas vibracións que nos atravesan sen pausa.

Por iso o nome de Rosa de Luxemburgo e o de Rosa de Castro.

3c*

A VIDA NO CINEMATÓGRAFO
(Galicia declina a abstracción do
mundo)

Secuencia alfa

do percibido no abalar das carnes.

vivenciadefibelas
traxecto
rexistrocelular
sistema
reforzo
elites
cultura
pantalla
mundo
indeterminación
cousasenlatadas
contentores
sociedade
impactos
parqué
prácticassobre
estadointerior
leviatán
economía
segaablación
grundrisse

regularidades
uso
transducción
decota
ideoloxía
intensidade
lentepurpurina
indiſtintamente
marcacióntortura
traxecto
estílema
hexemonía
mundo
indeterminación
uso
leviatán
sala
indeterminación
mundo
indeterminación
que?

Secuencia beta


podes dicirme, dixo ela, dixo Aušterlitz, cal é a razón de que sexas tan inaccesíbel?

Galicia consulta o seu plan crediticio e ve difícil xantar no hotel onde vive o home-araña.

sobre as frechas que atravesan o sofá

— Perdón; 3, dos diferentes eštragos no ánimo dos farrapos.—

— entón, o recordo que gardas da cidade de Nova York son os elevadores da cidade de Nova York

 en concreto unha síndrome de abŕstinencia en 1972, en concreto unha habitación, unha cidade... unha cousa extensa.

.....

Paraules clau: walk, adjecció, acció, audio, circo interior bruto, copyleft, cos sense òrgans, dérive, el afilador, em:t, espai acústic, espai tangent, espai públic, esquizofrènia, flexible, fluxus, infra-lleu, immaterial, intermedia, media, migració, multiplicitat, màquines desitjants, n-1, nettime, nomadisme, noms múltiples, panòptic, plunderphonics, producció immaterial, psicogeografia, subjectivitat performativa, vigilància, werbartery, wryting.....K-men@gmx.net

.....

Secuencia gamma

Asunto literario, real. No que Galicia supera o regulativo da razón.

Preguntas:

pola relación amorosa con mamá antes incluso de aprender a falar
cuadrimensionalmente

polo que conduce a Diamanda Galás a implosionar os fonemas
dentro do Salón de Baile Óllame.

polo interese de Sabela en proxectar a escena na que Alicia fala
coa Eiruga.

polos vestidos que trae á casa Adriana para a viaxe á Habana...

Preguntas:

como explicar sen suxeitar.

antes incluso de comprender cuadrimensionalmente ás veces
preguntas pola miseria do mundo, por como poderíamos
abandonar o punto de vista único, central, dominante, e como
vivir os lugares difíciles, difíciles de describir, de pensar, en fin,
difíciles
de vivir!

**A percepción sensíbel abre un camiñar que pode ben conducir a
través da intelixencia ao legislativo da imaxinación.**

↔

Secuencia delta

Galicia sae do reloxo de area e estende o seu corpo sobre a herba.

Da imaxe que reproduce o dolmen de Maus de Salas, salientar a frase que interrompe o fotograma, onde se nos fala da necesidade de saírmos da Historia para entrarmos na historia.....
..... ←→

Pintas a este lado da rede publicitada e atrezzada de violencia

sobre a superficie do primeiro dos CD a cidade de Agharta.
a xeito de estruturas espaciais as pegadas dun babuíno.

unha floración.

logo, por que a composición dos signos na que se narran os acontecementos que deron na construción da cidade de Agharta vénnos constantemente á cabeza coma un corpo deshabitado, como se as nosas vidas fosen xa imposíbeis de vivir alí? como se os encofrados sobre as retículas da dor non soñivesen xa os cantís da nosa máquina de guerra?

.....

Tan mal pasamos as últimas noites.

Secuencia deceta

Texto nº 4.

Galicia antes de baixar ao bar, vive por segunda vez a xornada laboral na lavandaría.

O recordo que gardo dos elevadores da cidade de N.Y. son as músicas de Miles Davis. En concreto unha gramática:

unha grande determinación

STOP

Logo, por que a composición dos signos me vén constantemente a cabeza á maneira dun bucle que repite a idea de que as nosas vidas son xa imposíbeis de vivir por máis que fosen ESCRITAS polo maior dos demiúrgos.

Tranquila, Galicia, pensa:

A garantía dos días

As gramáticas

—Perdón; 3, os diferentes estragos no ánimo dos farrapos.

Etcétera

...

Secuencia épsilon

A(s) HISTORIA(s) sitúannos sempre
dentro dunha máquina de guerra.

.....

Secuencia zeta

Texto nº 5.

Queremos dicir que a duración de Galicia nos textos séntese afectada por pensar aquilo que percibe.

Por exemplo os bocois da regasificadora no lugar de MEHÁ.

Queremos dicir:

Unha duración que se afecta no pensar daquilo que percibimos da vida idiomática no acontecer dos paxaros e no medrar das plantas.

Unha instalación das memorias faladas polos existentes todos da TERRA.

— Pasa que quizais a dor que supoñen algunhas distancias, calquera distancia non desexada, expresa unha contra-partida.

— Andar aos pomelos como Mrs Russel, cando a primavera ameaza con marchar de Bath.

EXAMINAR os cruzamentos
os PLANETAS.

con Virxinia...

Secuencia lambda

Galicia pasa o primeiro dos temporais do outono de 2007 por riba do tellado da casa alugada en Noia logo de achicar o soto das derradeiras compras no mercado.

Aínda isto

(non) acouga nas notas que implosionan os campos de millo.

Polo demais, alguén chega.

4d*

Vila

que fai Vila na alfombra aniñada?
que mira Vila na mesa?

escoita Vila a voz de Nico?
escoita as cancións melancólicas de Morcheeba?
aniñase Vila sobre o sexo inmenso da habitación onde traballan Josechu e Gloria?
son os movementos de Vila ao igual que os movementos dos labios de Sylvia movidos por un amor que até o de hoxe nos era descoñecido?
sente Vila todo ese territorio que pensa o amor e que Gloria pon nas pinturas?

ou é o azul que recobre poro por poro o corpo de Vila o que leva a Josechu a cociñar todas as tardes para Gloria?

vicious 18.

Sebastián.

...importaba que Rosa fose unha política nos límites de tanta redundancia era totalmente crucial para entender a morte de Andreas.

.....

mentres intentamos durmir...

.....

a determinación coa que entra a realidade na mesa da cociña.

.....

... Gloria **pinta**

perante toda a tarde, antes de baixar cear con Josechu

ao mesmo tempo a casa de Antonio

así como

o almorzo da borracha de baixo o volcán

a máquina 2003

e

a máquina 2004

nas frechas que seguen a atravesar o corpo de Sebastián.

.....

esa mesma tarde antes de baixar cear con Gloria

chegamos á escrita.

.....

A estratexia do peixe sapo e o pensador na peixaría de Xonás o bárbaro I

un comunal tecido que abriu o texto á claridade precisa para contar
a nosa historia

unha des-comunal entrega de mercadoría para narrar os días
daquelas historias nas que un gran peixe xantaba un calquera
para lle recobrar a conciencia.

o mellor foi que o texto non dicía o que ti querías dicir
e!

o mellor

o des-comunal frío daqueles invernos

vivía

máis preto das túas mans que no champaña do frigorífico.

Pois, quere dicirse que é no comunal onde a claridade rizoma coa idea
da dor o axeitado de pensar o aquí.

A estratexia do peixe sapo e o pensador na peixaría de Xonás o bárbaro 2

a extravagancia do peixe sapo exposto nos andeis da peixaría o seu des-comunal tamaño, a súa des-comunal entrega de mercadoría xonás que non pasaba, xa que logo, por riba da diferenza entre o *valor de uso* e o *valor de cambio*, e que coñecía ben o sentido que a súa *forza de traballo* lle violentaba ao sistema...

Pasaría logo da súa xornada laboral na peixaría ante a nosa lectura do *cultural* por un dos evanxelistas?

Histoire(s):

na que un gran peixe xanta un modo de produción.

— *desculpe, non quixeramos abusar de máis da súa confianza
 neste día perfecto!*

cando escoitas os vestidos, en concreto as camisas.

cando meditas na maneira que tes de te vestir.

a actitude coa que agora pensas as camisas

e colgas a roupa

e pregas e pos nas perchas os pantalóns e as saias que meditas

e as chaquetas de Claudia...

agora xa era posíbel dicir o almorzo d* drogad*

a súa razón pensábel, comunitaria.

o espectáculo cotiá dos fonemas sobre o mesado da cocíña

.....

escolios.

Franz

Avanzamos polo camiño cara a facer soportábel a anguria de Andreas.

Andreas esta fóra da textura do *atado*, segundo os seus comentarios:

*o mundo conta só coa memoria dos bares e coa respiración dos pelos
calquera acontecemento que se achega ao mundo suplementa un por-
vir a lei, ao igual que a linguaxe herdada da dor é un estado de guerra*

Sylvia

sobre o inferno das laranxeiras,
traza un EU que trata e corrompe a trampa.

Xacobe

o seu pracer ao comer uvas
o seu palatal
o seu insomnio.

Adriana

podería ser ela a primeira en situar a Claudia na cor das laranxeiras de **decidir** no texto sobre a soidade de Lucio sobre os filmes que se nega a visualizar na súa compañía.

Rosa

por mor dos seus abrazos a calor do seu corpo permanece móbil no corazón da herba que lle dá cor ás nosas vidas.

logo así

a casa das laranxas

— unidade 103 preto das actrices do cinema —
cunha vista dende a terraza ao interior da cidade...

— logo sen dentro nin fóra?

— logo así.

esta casa, sen soto

sen cadros que revisitan as paredes

sen papeis pintados

sen altofalantes

sen visores.

— *pensas acaso que a poeta cando escribe está no máis
(adecuado estado óptimo de saúde?)*

en tanto que vivimos na trampa da lei

vivimos

mais vivimos sen a idea de que as mónadas conteñan cortes

[e as veas cráteres

e sen a luz dun acontecer no externo do sistema

e É

por iso que colocas as flores preto

moi preto dos vasos.

Louise 1.

tal agasallo
a casa sen paredes onde viven as arañas de Louise

.....

*toshio hosokawa (*1955)*
voiceless voice in hirosshima — 1986/2001
for choir, orchestra, soloists and speakers.

.....

(As flores mutadas por mor da túa doenza asmática.)

Louise 2.

xa había que non fumaba deitada na cama antes de durmir.

Por que me chamas puta...

M vive no nivel laranxa das categorías que articula x
á vez x vive no nivel azul das categorías que articula M
L estuda cando menos as políticas do que deron en chamar *muller*
A vive parte dos seus días agochada entre as pólas dun magnolio
e M non deixa de escoitar o disco de Lou Reed *Transformer*
M vive dos labios de x
e x dos labios de M
A estuda filosofía en tanto fixa o seu sentimento na entreperna de
P que vive parte dos seus días deitada sobre dos brazos de L
Etcétera

.....



ESCOLIO a 1a

— Como estás?

Pouco despois de ter chegado da cafetería da rúa do Paseo Félix e Tina tiñan entrado nas nosas vidas.

— Eu, porén, pensaba levarte a Dominga. Son tan ricos os dobrados. Desde que pechou a Ibense, sinto un baleiro tan profundo no meu corazón.

— Ámote

Algo resultaba marabilloso durante aquelas visitas. Ernesto, que sufría constantes dores de cabeza e accesos asmáticos, narraba todo aquilo, todo aquel corpo colectivo do amor sen présa, e cunha elegancia que botaba á vida todo o espazo político da cidade de Auria.

— Recordas a cara de Garry?

— Como, así?

— Imaxino que a miña amiga falaba dos xeados. Pero, en fin, tes unhas pernas tan fermosas...

Días máis tarde seguíamos nas mesmas cadeiras que nos traían á memoria o corpo asediado de Walter Benjamin.

En realidade é @ fotógraf@ @ que sempre sae no retrato. Así que, cando dispare, polo menos, nunca sorrías.

ESCOLIO 2b

MOTOR-LOVE (HIMNO A LA RIVALIDAD)

MOTOR LOVE MOTOR LOVE MOTOR LOVE

onde colocar o tocadiscos

os desenvolvementos sinápticos da kabezota de ariel

o sofá o bar a diskoteka

BIO-TRANSPORTAMOS O AMOR

as situacións dos suxeitos falantes

as leis do mercado

a roupa sen lavar

ISO CHÚPALLE AS DESORDES Á CARNE DOS ESPAGUETES

bio-transportados polos nosos corpos

polas nosas condicións materiais vida

pola excelencia das nosas zapatillas

BIO-TRANSPORTAMOS O AMOR

as cores

as frases comúns

os días os saúdos as carpas dos cirkos

CACHUCHA DE PORKO MOTOR LOVE

MOTOR LOVE MOTOR LOVE

MOTOR LOVE MOTOR LOVE

con Jaron

ESCOLIO a 3c

O fin da Historia acontece na imposibilidade de dicírmonos como corpos xa que todo transporte implosiona o transportado.

TAMÉN:

O fin da bio-grafía acontece na imposibilidade de dicírmonos como corpos xa que todo transporte implosiona o transportado.

A eſtratiſicación de certos comportamentos anímicos fica así fóra das constantes regulativas das normas.

TAMÉN:

Os aliñamentos de certos corpos fican así fóra das constantes regulativas da norma.

Pois, ao nos deseſtratiſicar producimos acontecementos, explosionamos a experiencia do Real e ao tempo contradicimos o enunciado que di: *O fin da historia acontece na imposibilidade de dicírmonos como corpos xa que todo transporte implosiona o transportado...*

Toda representación acaece logo como un camiñar que conduce cara a certas paradas que preguntan sempre polo público.

A lírica vive en ningures aínda manando sempre de máquinas abstractas temporais e móbiles en función de chuvias locais e de grandes anticiclóns.

Traballar traballamos territorialidades afectivo-lingüísticas entre quen xa non temos territorios a priori.

A PROPIEDADÉ...

ESCOLIO a 4d

**Pregúntasme se é un caso de paciencia ou ben de atención. Se o señor inglés é un trans-tornado? Un revenant, alguén que continuamente volta e chega de novo. Ou ben, se son eu mesm+ quen sofre un trans-torno logo de acudir fumad+ a unha intervención deste «calibre» sobre o mesado da cocina. *Se + que chega é un outro que chega de non moi lonxe? Un outro preocupado polo roce, polo toque, polo peso da violencia nas nosas vidas. *O que trans-torna, procura pensar a acción que fai regresar a un im-posibel que debe de se esforza(r) no mundo. Entón *s tans-tornad*s son a multitude. A multitude dos pelos e das pedras e dos transistores e dos plásticos... tamén. *Cargar sobre unha o replicante que suplementa a historia. *Por que falas máis arriba dun replicante e dun cliname, procuras acaso levar a concepto os asuntos que nos trouxeron até aquí? En calquera dos casos serían múltiples *s replicantes así como múltiples os clinames e de seguro diferenciais. *Estou aquí, estou aquí, estou aquí... *Entráronche ganas de bailar nalgún momento? Non mais si de meditar nos corpos que alí se xuntaron e tamén de mirar moi atentamente a luz do planeta. Pero de bailar, non, de bailar non. *A gravación —a trans-gravación— os ruidos; mais *s replicantes e os clinames así como *s operari*s semellan parte da máquina, da máquina de guerra que procede a trans-tornar a convención da lei sobre a que gravita a vida. *Sobre a resolución técnica do corte que entre-media a gravación da trans-gravación, nada sabemos. *Queres dicir que todo o caso oscila entre a produción e *s operantes e os medios e o modos conque est*s últimos producen o planeta. *De certo, producir un planeta. *Precisamente este planeta.*

5e *

Conversa en Roma

Dende o principio o espírito está afeñtado por unha carga de material, que aquí fai a súa aparición en forma de axitados extractos de aire, son, é dicir, linguaxe.

KARL MARX

O pracer do texto é ese momento no que o meu corpo comeza a seguir as súas propias ideas —pois o meu corpo non ten as mesmas ideas ca min .

ROLAND BARTHES

1.

Acto primeiro

Sobre o corpo emporcallado da linguaxe

sendo (nin tan sequera unha trampa no decorrer do vehículo ianqui “*spirit*” sobre o fondo da piscina) o centro do miasma á vez que o talo das margaridas da África outra superficie.

agora o que fas coa escrita é tratar as túas vivencias

a idea de ex-poñer o teu amor a partir dos nomes que colocas nos poemas.

ginger ale

.....
.....
.....

as voaduras serían innecesarias se non soñiveses aínda a alucinación ideática dos acuarios
ese coñtume teu de fechar en sólidas construcións de cristal as criaturas todas do mundo.

.....
as campas.....ao igual
que a herba e os alimentos a onde se achegan os afectos
.....

primeira das vías de superficie:

pensar en como se nos presentan as cousas.

Jesús

— nunca tomabamos decisións, en todo caso abstraiamos os acontecementos fóra da súa duración // de toda a súa duración.

2.

Acto segundo

I.

Actuaba cun recollemento extraordinario e unha plenitude abraiante, dada a súa idade e o seu estado.

deixaba de ser un ensaio
un experimento
a construción do seu corpo pasaba xa polas pasaxes da cidade d*s tol*s

a construción dun ego-body

unha escena sen programar no córtex dos cativos

a superficie — as pantallas dos cinemas — o desexo — a contracción da memoria — a materia — claudi+ pola cidade — a goma de borrar — os plásticos — a bicicleta para transportarse até a piscina do planeta —

trataría de non se mancar máis, de non se autolesionar

o alimento — o almorzo — o asunto era chegar a piscina sen a idea do acuario —

o plancto

2.

a experiencia do discorrer desamarrado
o bascular das letras do libro deica a carne das flores.

*Pido desculpas se, tal como mo dixeron a vez pasada, hai certas escuridades
no camiño por onde os levo. Penso que é característico do noso campo.*

incluso o día en que nos vimos por primeira vez cando xantamos xuntos
en Compostela
tiña eu xa memorizado o nome da súa gata
os xeitos — os ollos — o sorriso — o prato de mexillóns ao vapor
que compartimos con Paula.

en todo caso volta a se nos aclarar que a protohistoria do íntimo
procede ás veces ou tal vez sempre do mesmo xeito que calquera
das moitas historias que lle acontecen no conto a Galicia.

en fin o seu corpo trans, tras tratar cun pelotón de pulgas cheo de area.

Galicia trataba coas pulgas dende o sentido en como *s cantantes
tratan coa palabra amor e a palabra vida.

Black noise

DAS KAPITAL

vila é para vila.

sebastian para gloria e josechu.

como estás? para virginia polke.

motor love para jaron e ruído.

clinames, escolio a 4d para Keith Rowe & Mattin

o meu agradecemento:

a tina polas correccións

a alba e a mauricio polas margaridas da África

a x.c. polo traballo de pensar as letras e os cortes

a estaleiro pola forza de traballo

ás rr.ee. polo espazo colectivo da bitácora escarlata.

a flores, tati, xoán, feli e elvira (destitucionalizad+s) o pracer de fumar,
beber, cantar e mudar parte destes enunciados canda elas.

para maria esteiran(a) e adriana pato este libro.

6f*

the end.

mais ela non para de sinalar a fotografia do hospital nas sucesivas
salas do museo.

ESTA PRIMEIRA EDICIÓN DE 200 EXEMPLARES
DE 'COMO ESTÁS?' DE CLAUDIO PATO
COMPOSTA EN CASLON 10,5/13,5
SAÍU DO PRELO EN
AGOSTO DE
2011





M vive no nivel laranxa das categorías que articula X

*á vez X vive no nivel azul das categorías que articula M
L estuda cando menos as políticas do que deron en chamar muller
A vive parte dos seus días agochada entre as pólas dun magnolio
e M non deixa de escoitar o disco de Lou Reed Transformer
M vive dos labios de X
e X dos labios de M
A estuda filosofía en tanto fixa o seu sentimento na entreperna de
P que vive parte dos seus días deitada sobre dos brazos de L
Etcétera*

Claudio Pato Díaz (Ourense, 1962) antes escribiu *Se o bruído e o amonal na casa das abellas* (1991), *Libro de Xacobe* (1992), *O almorzo do pintor de iconos Andrei Ruólef* (Xerais, 1997), *Unha vida de traballo nos bosques do cânavo* (Xerais, 2002) e participou nos libros colectivos *Poetas galegos en Madrid* (Ed. do Castro, 2001) e *Xuro que nunca volverei pasar fame –poesía escarlata*, (Difusora de letras, artes e ideas, 2003)